

Xavier Queipo

Dragona

NARRATIVA

Xavier Queipo

Dragona

Deseño de cuberta: Miguel Vigo
Fotografía de portada: Cé Tomé

1ª edición: febreiro 2007

© Xavier Queipo, 2007
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.es

ISBN: 978-84-9782-513-9
Depósito Legal: VG. 24-2007

Impreso en Rainho & Neves Lda.
Rúa do Souto, 8
S. João de Ver - Feira (Portugal)

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

XERAIS



*A Adolfo, Carlos, Fernando e Xosé,
que leron o manuscrito
e fixeron suxestións atinadas*

Y contra marea y viento remaré.
Hasta la otra orilla...

Un testigo perenne y dilatado
SEVERO SARDUY

I

Dragona facía unha reconstrución de lugar, unha análise inmediata da situación, unha disección das actitudes e dos comportamentos sociais tal e como ela os entendía, cos seus lentes de ver o interior. Náufragos. Os tres eran náufragos nunha sociedade hipócrita onde ninguén era o que aparentaba, onde ninguén era o que quería ser, onde todos navegaban desnortados, sen rumbo fixo e sen compás, deixándose levar polas vagas todoescumas, polos ventos cargados de area do deserto, polos ciclóns tropicais e polas tormentas fecheiras do verán da serra. Ninguén lle aprendera o desatino do mundo, ninguén lle dixeran que todo ía ser tan difícil e tan pouco doado, tan desesperante e rutineiro, tan pouco nas propias mans e tan predeterminado por un sino indescifrabel e máxico. Se cadra alguén llo dixeran cando adolescente, ou cando nena, ou onte mesmo, mais non era consciente de escoitalo, xorda por rebeldía aos avisos agoireiros dos seus maiores, xente desesperada e triste. Agora era ela quen desesperaba por non atender chamadas, por ser refractaria aos sinais de alerta, polos seus excesos no

optimismo, mais xa era tarde, o tedio estaba alí mesmo instaurado, como xelatina untuosa, como laxo esmagadora, como anuncio do que o futuro traería nas súas alforxas.

A porta aberta e xa Dragona aberta tamén en bicos e recibimentos, estendendo o seu recendo a lavanda e a ducha acabada de tomar, a poro dilatado e a roupa limpa e colorada, a crianza molladiña e talcosa, impertinente e todocantoso. Patrick e Menottes, engaiolados polo recibimento, celebrando o encontro, reaccionando con desmesura impropia da súa condición de case residentes habituais, intuindo unha repetición de mil tardes de fastío e de cervexas demasiado frías, de complicidades-refuxio demasiado quentes e de pactos de silencio sempre esnaquizados.

—Vai haber un tremor de terra —dixo Dragona con naturalidade calculada na voz e un certo ton de sibila requintada, de consultorio sentimental e radiofonía, de oráculo riopratense de sofá e psicanálise de manual en rústica para embobadiños austrais.

Menottes —histriónico— asustouse moito e correu cara á neveira na procura de auga e de conforto, de tempo para pensar, de fuxida para avaliar e tregua dialéctica. Logo foi directamente ao baño, que a furriqueira sempre ataca a traizón, sen máis aviso que o desfrecado das feces polo cano abaixo e un ruído que precede ao estoupido lacerante e á sensación de desacougo inmenso e baleiro hídrico.

Non houbo un terremoto (estas chairas só tremen de frío e humidade), senón unha treboada das que fan época, das que delimitan xeiras ou períodos de tempo recoñecíbeis, das que marcan un antes e un despois na memoria colectiva, tan lábil e ao tempo tan leal ás mitoloxías, tan permeábel en todo a modas e tendencias, a vagas e dioivos.

Choveu como din que chove sempre nos seráns da foresta. Sempre que se falaba dos trópicos, Patrick dicíao por referencias escoitadas e lecturas xuvenís —moito Kipling e moito Salgari, moito viaxar sen se mover da casa, seguindo co dedíño as imaxes dun atlas desgastado polo uso e polos soños de periplos imposíbeis, de singraduras arriscadas, de caravanas movéndose das áreas do deserto ás áreas do mar—. Dragona tiña algo máis de experiencia vital nese eido como noutros moitos, pasara dúas semanas en Balí na procura de non se sabe que remedio para as migrañas e dunha cura de descanso. Menottes, pola súa banda, ben, o bo de Menottes compendiaba en si mesmo a síntese do trópico, co seu rostro picado de sinais, que se diría a codia dun ananás, co seu sorriso interminábel de beizos índigo e aquel corpo lampo e elástico de rapazolo malafaz cazador de tigres comedores de homes nas selvas mestas de Jerangau, coa súa ollada de cazador de homes en todos os demais escenarios da vida.

Choveu con violencia desatada e intensidade crecente, sen tregua que fose alén dun salouco, con auga a caer sobre auga, e logo as rúas alegrándose en multitude de obxectos aboiados, con latrinas entupidas e ratas subacuáticas, con seres estoicos pendurados dos farois, con vellos erguendo *sarongs* para cruzar a enxurrada, con aires de dioivo e de traxedia épica, con antucas improvisadas ou paraugas impropios, con xente que se move no seu medio con ledicia hidrofílica e outra que permanece estática, ancorada no desacougo paralizante, esperando que escampe, que a natureza mude outra vez a orde das cousas, que deixe de chover e que se retiren as augas. Xente sen présa, con todo o tempo do mundo para facer o único que saben facer, esperar non se sabe que, se cadra o que nunca acontece senón nos

filmes de aventuras, senón nas novelas de amor, senón nas traxedias gregas. Esperando que o mundo mude o seu rumbo, que o eixe da terra trema de medo, impulsado por unha forza sinusoidal recorrente que faga mover as correntes mariñas (a de Humboldt e a de Kuroshio, a do Golfo de México e a do Labrador) esperando que se fendan e derretan os glaciares da Antártida e as xeeiras da Terra de Fogo, que se somerxan cidades enteiras, que se revolucionen as masas famentas do Terceiro mundo e que haxa unha gran conflagración mundial. Esperando sen facer outra cousa senón esperar. Esperando coa ilusión posta nos anxos redutores, nos líderes carismáticos ou nos santóns de rostros cubertos de cinza. Esperando sen saber o que, se a resurrección ou o xuízo, a liberación ou a condena.

Non, non houbo un tremor de terra, mais a terra foi doutro xeito avolta e mesturada, revisitada nos seus recunchos máis íntimos, nos seus dédalos máis queridos, nas galerías cegadas no tránsito das eras, entupidas por restos de animais sacrificados, de mántidos e coleópteros, de porcoteixos e falsas manticoras, de fíos de Ariadnas e tridentes de Neptunos, abrindo camiño nos labirintos e pechando caixas de Pandora, soprando Olifantes e facendo ventar orquestras de céfiros asubindo entre as matas de bambú.

Non houbo terremoto, mais a terra toda foi desestruturada na ordenación dos estratos e das idades das rochas, asaltada na discontinuidade das placas tectónicas e nas fallas, redescuberta como campo de batalla milenar, tremendo de frío e humidade, minada a pretendida fortaleza das estruturas por ríos de lava e moreas cristalinas...

Dragona quitáballe importancia ao evento hídrico e metíase na cociña a fabricar unha torta ou unha bica, un

manguito ou unha panetela. Sempre o mesmo. Cando intuía un problema –ela non o recoñecía, mais os problemas reflectíanse indelebelmente nos seus ollos de locusta e de lunfardo, de ollar heteróclito e pouco dado aos segredos– metíase na cociña a facer un doce. Doce de leite ou flan de coco e, só ás veces, cando fallaba a intendencia, pastel de mazá ou biscoitos de canela. Daquela saía recomposta, renovada nos seus instintos máis básicos, reafirmada nos seus empeños máis nobres. Dragona supernova e explosión ecléctica de engado. Dragona reflexiva. Dragona oraculista. Nova Dragona. Era unha terapia. Había outras, pero aquela dáballe un resultado bárbaro, confirmado pola fruición coa que partillaban os doces os seus amigos máis próximos.

Menottes, pola contra, non deixaba de ollar o infinito dos tellados inzados de gatos e as mansardas escangalladas por onde asomaban os poetas que xamais atoparían editor, dos que nunca se faría sequera unha recensión, que malamente verían o seu traballo impreso ou circulando na rede informática mundial, sempre perdedores aos ollos dos máis, heroes para si mesmos, idealistas e románticos, algo prosas e marcadamente endogámicos.

–Olla iso, nigromante, outro idiota integral escribindo unha novela ou un poema épico.

Menottes falaba nun ton absurdo, sen variacións de ritmo nin inflexións vocálicas, como posuído pola auga a caer encol das chapas de uralita do cuberto da traseira do xardín, petiscando o beizo inferior, como extasiado ou con remorsos de algo que non se sabía, ou simplemente para abortar un berro extemporáneo de simulación ou de delirio, de repulsión ou de arrepío pola proximidade enervante dun pombiño ou dunha araña, dun cempés real ou dunha

besta inventada, mentres salmodiaba algunhas verbas, supostamente no seu malaí orixinal. Ninguén o entendía, mais colixían que era así, polo carácter politonal do seu discurso, porque escribía nunha caligrafía de fideos e tallaríns, porque un día de confidencias e desánimo revelara as súas orixes ancestrais.

Patrick, pola súa conta, como sempre que lle deixaban, remexía nos compactos na procura dalgúnha melodía axeitada, impoñéndolles a idea e o guión da escena que estaban vivindo. Logo de máis de tres cuartos de hora de lugares comúns e músicas étnicas do rexistro máis diverso, do Tíbet e do Senegal, dos Andes e de Romenia, empeñouse en repetir unha e outra vez *Spring Rain* e *The moun is high*, dun compacto do *Treasury of Chinese Traditional Ipa Music*. Houbo que deixalo. Patrick era así. Obsesivo e caprichoso. Bo rapaz, pero de aturar difícil. Non tiña remedio, ou se cadra resultaba impropio intentar poñer remedio á expresión lineal do seu carácter, tan suxeito aos vaivéns e tan pouco predicíbel nas saídas.

Dragona seguía na cociña a traballar a masa e limpar as mazás. Definitivamente *apple pie*. Na fin de mes as provisións eran escasas e o fresqueiro non tiña moita variedade, así que impensábel unha torta de froitas tropicais con manga ou ananás, ou uns doces con abundancia de coco e algo de moka, con xenxibre e sementes de sésamo. Traballaba cunha orde moi precisa. Cada cousa ao seu tempo. Era áxil e moi disposta, pero non tiña catro mans, de shiva cociñeira. Nunha desas arroutadas tan súas e tan austrais, meteu man no refrixerador e dixo:

–Se vai chover toda a tarde, mellor alegrarse un pouco. Veña, Menottes, deixa de ollar pola fiestra coma un pito

desplumado e ti, Patrick, acouga co teu delirio musical. Vive o presente, meu rei, déixate de lerias románticas. Pon algo de *reggae* e abre esta botella de vodka con amoras, que xa teño ganas de festa.

Dragona non podía beber vodka puro de grolo único e ritual pautado, como adoitaba facer todo o mundo. Tiña que ser algo máis *kitsch* ou máis moderno, máis persoal ou simplemente máis fútil e menos normativo. Impensábel pois o Absolut vodka de publicidade omnipresente ou un Stolivskaya mercado na tenda da esquina. Non. Vodka con amoras.

De seguro que o lera nunha desas revistas de pouca substancia (arteiramente pensadas para mulleres pero que lía todo quisque sen distinción de sexo), de estilo e de réximes dietéticos, de consultorios sentimentais e tópicos artigos de viaxe, de receitas de cociña para novos ricos e recensións de best-sellers prefabricados e tépedos, de música convencional e pouco anovadora, decoración básica e casas de famosos, futuroloxía pouco fundamentada e inane, probas para se coñecer mellor: se es egoísta ou solidario, ególatra ou atractivo, compulsivamente romántico ou simplemente adicto ao traballo rutineiro. Lixo, mais lixo necesario, que diría alguén terriblemente elástico e pouco sólido nas conviccións.

A cerimonia estaba servida. Espelidos pola voz da matriña, seguiron ordes e puxéronse baterías do trinquete volviendo funcionar coma coelliños tamborileiros de latón e de veludo. Soaron varias versións traídas dunha accidentada viaxe a Xamaica. Unha de Madonna e dúas de Prince, como correspondía á demora que en materia de asimilación de éxitos discográficos levaban as xentes da illa. Dragona bailaba sen complexos, abaneando os cadrís e erguendo as mans cara a un cenit presentido. Patrick deixara o seu ensi-

mesmamente inmovilizador e puxérase a bailar con Dragona copiándolle a coreografía, alternando xogos de pernas e de brazos, cambaleo esaxerado das cachas e xiros aloucados da caluga xiróvaga.

Hai xente que viaxa para algo máis que para se torrar ao sol, ás veces non se sabe ben para que, aínda que se sospeite un amor furtivo ou mercenario, pero sempre regresan torrados como tizóns e cargados como camelos das máis sorprendentes mercadorías. Son marcopolianos e encantadores na súa desorde de lembranzas e de area. Patrick era un deles e trouxera aquelas casetes dunha viaxe a Xamaica, para se relaxar e para se poñer cego de marihuana da boa, para repensar un amor que esvaecía diante dos seus ollos, para construír táboas de riscos e oportunidades, para darlle valor ás conviccións máis extremas e fortalecer o rumbo da súa vida. A Patrick gustábanlle as viaxes. Facíaas para marcar etapas na súa vida. Eran sempre periplos iniciáticos, tan típicos dos seres automitolóxicos, onde descubría fragmentos de si mesmo que nunca sospeitara, onde reflexionaba, devagar e sen outra presión que a soidade buscada, sobre problemas crónicos e sobre a superación das súas fobias de sempre, as cadeas e os escapularios, as xoias e as estampas.

Sen que mediase cambio aparente, no medio dunha canción, Menottes abandonou o seu mutismo para tentar uns coros sincopados e saltar freneticamente coma un *gogo-boy* de poucos escrúpulos e moito ximnasio.

Fóra, o ceo seguía gris, caendo a tardiña coma se caese unha lousa de pedra. No interior do apartamento, mesmerizados pola música e algo bébedos polo vodka con amoras, era festa e primavera. Sobre todo festa, aínda que no forno a torta de mazá estivese a se torrar de máis.